Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

CPEIG

TIGA

CPEIG

REVISTA DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA

Número 3

2 CONSELLO EDITORIAL

3 O CPEIG OPINA. FERNANDO SUÁREZ LORENZO.
PRESIDENTE DO CPEIG

4 FACTURA ELECTRÓNICA
MÁIS DO 44% DO IMPORTE FACTURADO Á XUNTA ATA O 15 DE XULLO RECIBIUSE EN FORMATO ELECTRÓNICO

5 O DEREITO AO ESQUECEMENTO. PABLO GARCÍA MEXÍA
PROFESOR VISITANTE DE DEREITO DE INTERNET. THE COLLEGE OF WILLIAM & MARY. LETRADO DAS CORTES

6 NAVEGA CON RUMBO

7 QUINTA NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

8-9 OPEN GOVERNMENT AND OPEN DATA. GARCÍA MORÁN
EC'S CHIEF IT ADVISOR.
EX _ DIRECTOR GENERAL FOR INFORMATICS EUROPEAN COMMISSION

10-11 LEI DE COLEXIOS E SERVIZOS PROFESIONAIS. ANÁLISE. JUAN OTERO POMBO
VICEPRESIDENTE DO CPEIG

12 XORNADA SOBRE A LEI DE COLEXIOS E SERVIZOS PROFESIONAIS.

13 A LINGUA GALEGA E AS REDES SOCIAIS
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

14 O CPEIG NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

15 BENEFICIOS COLEXIAIS
O CPEIG DEFENDE OS TEUS INTERESES

CONSELLO EDITORIAL
Fernando Suárez, presidente do CPEIG
Juan Otero, vicepresidente do CPEIG
Juan José González, secretario do CPEIG
Francisco Javier Rodríguez Martínez, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: Guindeira C&E
Maquetación: ográficodeseño

Suxestións e comentarios: revista@cpeig.org

Datos de contacto do CPEIG
Rúa Fernando III O Santo 13-1ºA
15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.org

ISSN 2255-3169

Profesión de presente e de futuro

Dende o Colexio estamos a traballar intensamente na organización da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. Énchenos de orgullo acadar a quinta edición deste evento que reafirma a nosa profesión, ademais de permitir un achegamento entre os nosos membros, a industria e a Administración. O vindeiro 4 de outubro reunirémonos no Hotel Monumento San Francisco, en Santiago, nunha contorna monumental con amplos espazos para a celebración e que permitirá unha maior relación, se cabe, entre os participantes.

Como cada ano, na gala faremos entrega dos nosos galardóns, cos que recoñeceremos a traxectoria, breve pero intensa, da enxeñeira e doutora en informática Susana Ladra, merecedora do premio Ada Byron. Ademais, entregarémoslle o premio Traxectoria Profesional a Roberto Baratta, responsable de seguridade de Novagalicia Banco. Tamén haberá galardóns para a iniciativa da Administración, co recoñecemento ao labor da Deputación de Pontevedra, e para a iniciativa empresarial, premiando o proxecto SetPay, que permite pagamentos con tarxeta a través de móbil.

Así mesmo, recoñeceremos o proxecto "Rede de Escolas na Nube", que pretende deseñar un entorno de servizos baseados en cloud computing para que sirvan como soporte dunha metodoloxía de traballo colaborativa, comunicativa e apoiada nas TIC, co obxectivo de mellorar a educación e colaboración nas escolas rurais dispersas de Galicia. Tamén lle entregaremos un galardón especial á Asociación PuntoGal pola consecución do dominio .gal, que representa un decidido impulso para a difusión e coñecemento da lingua e cultura de Galicia.

Reafirmación da nosa profesión

Dicíamos que esta gala serve como reafirmación e reivindicación da nosa profesión. Unha profesión non só de futuro, senón tamén de presente: hoxe en día costa atopar algún ámbito da nosa vida que non estea rexido por sistemas informáticos. Sistemas, ademais, cunha complexidade crecente e que xestionan aspectos tan cruciais como a defensa da ciberseguridade ou das infraestruturas críticas, entendidas como sistemas esenciais para o mantemento de funcións vitais da sociedade, a saúde, a seguridade, a protección ou o benestar económico e social, como as centrais eléctricas, as redes de transporte e as redes dos órganos de goberno, e cuxa perturbación ou destrución tería un impacto significativo.

Por iso, un país como o noso non se pode permitir relegar a un segundo plano unha profesión e uns profesionais chamados a liderar o futuro e a ser protagonistas da mellora das condicións de vida da cidadanía. **Dende o CPEIG estamos a loitar arreo polo tratamento igualitario das Enxeñarías en Informática na tramitación da Lei de Servizos Profesionais.** E para isto pedimos todo o apoio dos nosos titulados, do sector empresarial e da Administración pública galega.

A prol da modernización tecnolóxica

Pero os nosos esforzos van máis alá. Sendo conscientes do contexto de crise no que se atopa inmersa a economía, é fundamental apoiar e impulsar a produtividade do tecido empresarial, fomentando a vigorización das empresas e economías locais para que senten as bases da xeración de riqueza, emprego e arraigo da poboación no territorio. As TIC, xunto a I+D+i, están chamadas a ser peza básica da recuperación da competitividade das nosas empresas, e a impulsar a transformación social cara a denominada Sociedade do Coñecemento.

Con estas metas, dende o CPEIG estamos a traballar na creación dunha Rede de Asesores Tecnolóxicos que permitirá un asesoramento por profesionais con capacidades e competencias acreditadas para todas as pequenas empresas, autónomos e emprendedores que queiran afrontar unha modernización tecnolóxica do seu negocio, permitindo así aumentar a eficiencia e produtividade.

O obxectivo é unir o territorio e favorecer o crecemento económico, a través da xeneralización do uso das Novas Tecnoloxías e do desenvolvemento da Sociedade da Información. Trátase así de contribuír ao avance económico e social, impulsando a implantación das TIC no tecido empresarial.

Referíame antes ao noso protagonismo como colectivo tanto no futuro como no presente. Asuntos de actualidade como o eGoberno ou o Dereito ao esquecemento, recollidos neste número da revista TIG@ grazas á colaboración de verdadeiros expertos na materia, son proba tamén da multidisciplinariedade da nosa profesión.

Máis do 44% do importe facturado á Xunta ata o 15 de xullo recibiuse en formato electrónico

Galicia foi pioneira na implantación da factura electrónica hai máis de tres anos e actualmente é a única autonomía cun nivel alto de implantación.

Dende a súa posta en marcha, en febreiro de 2010, rexistráronse 36.691 facturas electrónicas, máis do 30% do total das emitidas por provedores, con máis de 633 millóns de euros pagados.

Así se reflicte nun informe presentado o 18 de xullo ao Consello pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, sobre o Sistema de Facturación Electrónica (SPE) que recolle que a utilización da factura electrónica medrou progresivamente dende a súa posta en marcha. O importe facturado a través deste sistema pasou do 21% en 2010 –ano da súa implantación en Galicia- ao 42,7% en 2012, máis do dobre. Esta porcentaxe situouse xa no 44% a data 15 de xullo de 2013. Por cada factura electrónica tramitada acádase un aforro de 3,5 euros.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade en implantar a factura electrónica, posta en servizo en febreiro de 2010. Na actualidade é a única autonomía cun nivel alto de utilización, mentres que a implantación deste mecanismo é practicamente nulo a nivel do Estado e na maioría de comunidades aínda non está implantado. De feito, a Administración central está a dar os primeiros pasos na súa implementación. Neste senso, Galicia xa está en disposición de cumprir a maioría das esixencias que incorporará a futura Ley de Factura Electrónica do Estado.

Segundo o informe da conselleira de Facenda, en Galicia xa empregan o Sistema Electrónico de Facturación un total de 3.738 empresas e 1.369 usuarios da Administración. O sistema presta servizo a todas as consellerías da Xunta e a 29 entidades do sector público autonómico, e tamén está preparado para prestar servizo á administración local.

Vantaxes

A través do Sistema Electrónico de Facturación, Galicia iniciou en 2010 un proxecto pioneiro co obxectivo de ofrecer na Comunidade unha xanela única para a entrega de facturas electrónicas e o acceso a información sobre o estado de tramitación das mesmas, na liña marcada pola Lei de Transparencia e polas políticas de impulso á e-Administración. Este mecanismo está regulado a través do decreto 3/2010, que desenvolve a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na contratación pública. O sistema achega transparencia porque cada provedor pode comprobar en cada momento en que estado de tramitación está a súa factura.

Con este mecanismo, a Administración galega está proporcionando un mellor servizo a cidadáns e empresas, ao mesmo tempo que reduce custos, axiliza os tempos de pagamentos a provedores e ofrece unha xestión máis moderna, rápida e eficaz. De feito, o sistema de facturación electrónica permite realizar a xestión dende calquera lugar as 24 horas do día; achega máis comodidade ao usuario, porque evita desprazamentos e esperas; e ofrece á máxima seguridade.

Ademais, para facilitar a súa utilización a Xunta ofreceu formación en Cámaras de Comercio e Confederacións de Empresarios, ao tempo que realizou xornadas específicas a colectivos profesionais e campañas de difusión. Galicia foi tamén a primeira comunidade en proporcionar unha solución global a nivel autonómico, tanto no portal de rexistro de facturas como no de provedores e de tramitación.



O dereito ao esquecemento en Internet (tras as conclusións do avogado xeral do Tribunal da UE)

As conclusións do avogado xeral Sr. Niilo Jääskinen presentábanse o 25 de xuño no Asunto C 131/12 Google Spain, S.L., Google Inc. contra a Axencia Española de Protección de Datos: trátase do asunto do "dereito ao esquecemento" en Internet.

O Tribunal soe emitir as sentenzas conforme as pautas que o avogado xeral indica nas conclusións. Así que a sentenza sobre o dereito ao esquecemento online, que se coñecerá ao redor de decembro, desestimará coa mesma probabilidade ese non nado dereito.

Seguindo o esquema das preguntas sometidas a consideración do Tribunal europeo por parte da Audiencia Nacional española, Jääskinen resolve primeiro as agrupables no bloque de cuestións territoriais. A continuación recoméndalle ao Tribunal a adopción de determinadas liñas "substantivas" sobre se os labores dun motor de busca como é Google implican "tratamento de datos persoais" no sentido da Directiva 95/46/CE. E logo, refírese ao que aquí nos ocupará: a existencia dun dereito ao esquecemento en Internet conforme á norma europea.

Este é o núcleo das conclusións: "se os dereitos de rectificación, supresión, bloqueo e oposición establecidos na Directiva 95/46 equivalen a un «dereito ao esquecemento» do interesado". Jääskinen conclúe que non. Porque os tres primeiros permiten exercelos fronte a datos "incompletos ou inexactos": a diferenza disto, aquí trátase o pretendido esquecemento de datos, referidos a un cidadán interesado, que eran completos e exactos.

Mentres que o dereito de oposición pode exercerse por "razóns lexítimas" propias da "situación particular", sendo aquí contundente a argumentación do avogado xeral: "Unha preferencia subxectiva por si soa non equivale a unha razón lexítima": esa preferencia, dada a súa subxectividade, pode colidir con preferencias contrapostas. De feito, tras o suposto dereito ao esquecemento non sempre hai situacións dolorosas ou inxustas, como a do protagonista deste caso, D. Mario Costeja, conectado en Google a unha pasada e saldada débeda coa Seguridade Social. Ademais, é inevitable nestes casos o conflito entre privacidade e liberdade de expresión e información (tamén de empresa).

Pablo García Mexía
Profesor visitante de Dereito de Internet
The College of William & Mary
Letrado das Cortes

O choque coas liberdades de expresión e información e a de empresa é o segundo foco de atención do avogado xeral a propósito do suposto dereito ao esquecemento. Jääskinen é claro ao aceptar que o recoñecemento dun dereito ao esquecemento pode comprometer a liberdade de información e de empresa de Google, así como a súa liberdade de expresión, ao poñer os seus índices a disposición do público en Internet; tamén o dereito á información dos usuarios; e a liberdade de expresión dos editores de sitios web (e de quen neles publicasen, aínda cando non sexa mencionada polo avogado xeral).

Esta frase sintetiza as razóns: "Na sociedade da información actual, o dereito á procura de información publicada en Internet mediante motores de busca é unha das formas máis importantes de exercitar este dereito fundamental."

Agora ben, se recoñecemos que poden existir danos para certas persoas, pola persistencia en Internet de datos prexudiciais para os seus intereses; pero negamos que o dereito ao esquecemento sexa a solución: que saídas damos a quen sofren eses prexuízos?

O avogado xeral desaconséllalle ao Tribunal que remita a solución a "cada situación concreta sobre unha base casuística", deixándolle a decisión a Google ou outros buscadores. Porén, dado que Jääskinen nega que o dereito ao esquecemento poida estimarse cuberto pola Directiva de protección de datos, debe de inferir que iso abriría a porta a un "procedemento de detección e retirada" alegal, o que "equivalería a unha censura do contido publicado realizada por un terceiro."

Ao cabo, o mesmo avogado xeral apunta que é o Dereito nacional o que, con arreglo "á responsabilidade civil baseada en motivos distintos da protección de datos persoais", lles impón a empresas como Google "deberes que esixan bloquear o acceso a páxinas web de terceiros con contidos ilegais."

Creo que destas palabras se extrae unha importante conclusión: a solución debe situarse fóra do dereito á protección de datos, para colocarse na protección do dereito á honra, a intimidade ou a propia imaxe.

A protección de datos é un mecanismo demasiado severo para enfrontarse a estes conflitos: o dereito a borrar datos na Rede que alguén cre lesivos pode resolver a súa situación pero en outros casos pode erixirse en censura.

A terceira edición do programa Navega con Rumbo péchase cun rotundo éxito

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aposta pola iniciativa para conseguir cidadáns seguros en Internet.

Nenas, nenos, pais, nais e educadores dispoñen de información sobre aspectos relacionados co ciberacoso, a dependencia das novas tecnoloxías e o uso responsable das redes sociais da man do programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo, iniciativa do CPEIG que conta co apoio da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia e que este ano chegou á súa terceira edición.

Especialistas do colexio achéganse aos centros educativos para impartir charlas divulgativas de dunha hora de duración nas que lles ensinan aos escolares a navegar por Internet dun xeito útil e responsable, coa implicación tamén do profesorado e mesmo das nais e pais. As sesións divulgativas están apoiadas por guías de boas prácticas dirixidas tanto ao alumnado coma ás familias e profesorado. Unha web propia www.navegaconrumbo.es completa o programa e inclúe, de balde, a posibilidade de descarga das guías en formato electrónico, xogos e ligazóns de interese.

A iniciativa Navega con Rumbo polo Ciberespazo pechou a súa terceira edición cun balance "moi positivo", segundo apunta o vicepresidente do CPEIG, Xuan Otero Pombo. De acordo con Otero, neste curso impartíronse un total de 170 charlas noutros tantos centros repartidos en dúas edicións.

A primeira convocatoria tivo lugar no primeiro trimestre do ano, cun total de 152 charlas, mentres que a segunda transcorreu nos meses de maio e xuño, con 18 sesións. En canto á distribución dos centros, 61 pertencen á provincia da Coruña, 31 á de Lugo, 13 a Ourense e 65 á provincia de Pontevedra. Un total de 20 colexiadas e colexiados impartiron as sesións.

No que respecta á asistencia, o CPEIG calcula unha media de 75 alumnas e alumnos por charla, aínda que destaca sesións con preto de 200 cativas e cativos. Pola súa banda, a asistencia do profesorado sitúase ao redor de 10 docentes por centro, mentres que a asistencia de nais e pais é menor: unha media de 6 persoas por centro.

Valoración positiva dos centros

No que atinxe á valoración que os centros fixeron do programa a través dunha enquisa que se distribuíu, a case totalidade dos centros valoran dun xeito moi positivo aos e ás docentes e mesmo afirmaron que repetirían a experiencia con charlas similares. Do mesmo xeito, os e as docentes destacan, sobre todo, a alta participación dos cativas e cativos, que adoitan facer moitas preguntas neste tipo de coloquios.

O Navega con Rumbo polo Ciberespazo naceu da colaboración do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro do Proxecto Abalar.

En opinión do vicepresidente do CPEIG, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria amosa -co apoio ao Programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo- ser consciente da necesidade de que as actuais alumnas e alumnos, como futuros cidadáns, desenvolvan as capacidades necesarias para a realización dunha navegación e uso seguros da rede Internet. O CPEIG –dentro do seu labor de concienciación social- insiste en que é fundamental preservar a privacidade dos datos persoais.

Nese sentido, son dúas as estratexias definidas no marco do Proxecto Abalar: a primeira desenvólvese no eido técnico a través de infraestruturas instaladas e servizos tales como os filtros web, o control no uso de determinadas aplicacións, a xestión centralizada dos equipos Abalar ou o emprego de sistemas baseados en software libre que son analizados por unha comunidade mundial na busca de vulnerabilidades de seguridade. A segunda estratexia, a máis importante consonte á opinión do CPEIG, consiste na prevención dende a perspectiva educativa con iniciativas como é o Programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo.

Colexiados e colexiadas daranse cita o 4 de outubro na 5ª Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

A quinta edición da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia quece xa os seus motores. Mentres os patrocinios se van pechando, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática (CPEIG) deu xa a coñecer os galardoados que recibirán o recoñecemento das enxeñeiras e enxeñeiros en informática. A gala terá lugar o día 4 de outubro no Hotel Monumento San Francisco, na capital de Galicia. O acto estará presentado polo mentalista Xavier Luxor, quen traerá un espectáculo sorprendente.

Pendente das confirmacións, o colexio confía en reunir un amplo número de persoas colexiadas, representantes do empresariado TI galego e autoridades. Como en anos anteriores, a organización do evento disporá un cóctel de benvida para recibir aos asistentes, seguido da entrega de premios e cea posterior.

Nesta edición, os galardóns contemplan unha mención especial que se une ás modalidades habituais. Así, a listaxe de premios é a seguinte:

- Premio Proxecto Fin de Carreira: coñecerase o nome do gañador ou gañadora no mes de setembro.
- Premio Iniciativa da Administración: Deputación de Pontevedra. Co obxectivo de garantirlles servizos de xestión e atención de calidade aos cidadáns, concellos e empresas, o organismo provincial comezou xa en 2008 un proceso de modernización tecnolóxica no que se enmarcan diversas accións que melloran a calidade de vida da poboación a través do uso das novas tecnoloxías.
- Premio Traxectoria Profesional: Roberto Baratta (Ourense, 1970), enxeñeiro informático, responsable de seguridade de Novagalicia Banco e CISO do ano 2012 . Desempeñou varios postos: responsable de Xestión Interna e identidades, director de Operación Seguridade Informática, IT Security Officier e administrador de sistemas, entre outros. O galardón representa a aposta do CPEIG por que sexan as enxeñeiras e enxeñeiros en informática os responsables da seguridade tecnolóxica.
- Premio Ada Byron: Susana Ladra, enxeñeira e doutora en Informática pola Universidade da Coruña. Actualmente é profesora contratada doutora na Facultade de Informática da UDC e vicedecana de Organización Académica. Foi galardoada co Primeiro Premio Nacional de Fin de Carreira de Enxeñaría Informática do Ministerio de Educación, co Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade da Coruña e co Premio á mellor tese doutoral no campo da Recuperación da Información. Nos últimos anos, vén desenvolvendo unha intensa actividade investigadora.
- Premio Iniciativa Empresarial: SetPay (http://getsetpay.com/). Solución que se basea nos cobros con tarxeta desde o dispositivo móbil. É o único sistema en España que emprega validación con PIN. SetPay naceu en xaneiro de 2012 e ten a sede en Compostela, desde onde desenvolve as súas solucións, presta servizo e dá soporte a toda España. Os fundadores son Xavier Martínez Cobas, profesor universitario de Económicas, e os informáticos Xoan González Díaz e David Pombar Lourido.
- Premio Iniciativa Emprendedora: Proxecto "Rede de escolas na nube", baseada no emprego das TIC por mestres e mestras nunha contorna rural dispersa con cativos de entre 3 e 7 anos (https://www.facebook.com/RedeDeEscolasNaNube) Vai orientado a proporcionar servizos de computación **cloud** para mellorar a aprendizaxe e a colaboración na escola rural. O proxecto está coordinado polo CESGA coa participación de Balidea Consulting&Programming. Colaboran na iniciativa a Consellería de Educación e Amtega.
- Mención especial para a Asociación PuntoGal: pola recente consecución do dominio .gal. Para o CPEIG o dominio .gal representa un decidido impulso para a difusión e coñecemento da lingua e cultura de Galicia. PuntoGal é unha iniciativa que durante máis de sete anos traballou co obxectivo de conseguir un dominio propio en internet e, a través del, unha maior visibilidade e presenza do pobo galego na rede e no mundo. Conseguiu máis de 12.000 apoios cidadáns e a adhesión de máis de 110 entidades. O ICANN aprobou o dominio o pasado 14 de xuño.

O CPEIG fai un chamamento aos seus colexiados e colexiadas para que se inscriban, a partir de setembro, na gala en canto estea a información dispoñible no portal www.cpeig.org. A Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia é a cita anual das enxeñeiras e enxeñeiros informáticos, unha oportunidade de lecer pero tamén para manter contactos profesionais.

FRANCISCO GARCÍA MORÁN
EC'S CHIEF IT ADVISOR
EX – DIRECTOR GENERAL FOR INFORMATICS EUROPEAN COMMISSION

Open Government and Open Data: The EU Data Value

Francisco García Morán

EC'S Chief IT Advisor

Ex_Director General for Informatics European Commission

A elección de Barack Obama como presidente dos Estados Unidos e a súa declaración do 21/01/2009 "A miña administración adquire o compromiso de crear un nivel de apertura sen precedentes no Goberno. Traballaremos xuntos para asegurar a confianza da cidadanía e establecer un sistema de transparencia, participación pública e colaboración. Esta apertura reforzará a nosa democracia e proporcionará a eficiencia e eficacia no Goberno". Deu lugar a unha multitude de iniciativas de Goberno aberto e Datos Abertos ao redor do mundo, e particularmente na UE, onde as iniciativas se multiplicaron desde entón.

Pero o concepto de Goberno aberto remóntase á época do chamado "European Enlightment" cando xurdiron os primeiros debates relativos á axeitada construción da recentemente nada sociedade civil.

Pero as orixes do estado aberto atópanse na época da Ilustración, ao aparecer no debate público sobre a nacente sociedade civil.

Segundo Wikipedia, "O goberno aberto é a doutrina política que sostén que os temas de goberno e administración pública deben ser abertos a todos os niveis posibles en canto a transparencia, isto debe ir unido á creación de espazos permanentes de participación e colaboración cidadá. Un Goberno Aberto asume o compromiso de garantir que a administración e operación de todos os servizos públicos que o Estado brinda poidan ser supervisados pola comunidade, é dicir, que estean abertos ao escrutinio da cidadanía. O devandito proceso, que incrementa a transparencia da administración, debe acompañarse tamén pola xeración de espazos de encontro coa comunidade nos que os cidadáns poidan participar nas decisións de goberno e colaborar coa administración na procura de solucións aos problemas públicos canalizando o potencial innovador dos cidadáns, o mercado e as organizacións civís para o beneficio de toda a comunidade". (Alvarez AluXas 2010).

A título de anécdota para aqueles que lembren a serie de humor da BBC de principios dos anos 80 "Yes Minister", o seu primeiro capítulo titulábase precisamente "Open Government".

Neste capítulo, o recentemente elixido ministro de Administracións Públicas , Xohn Hacker (nome de actualidade , non si?..) propón poñer en marcha unha serie de reformas e economías, unha redución drástica do nivel de burocracia e de recursos para así cumprir co compromiso adquirido cos seus votantes. Pola súa parte, o Primeiro Secretario do Goberno da súa Maxestade, Sir Humphrey, asume o seu papel de funcionario e quere a todo prezo evitar que as cuestións de tipo político e de partidos queden fóra do exercicio de goberno, bloqueando sistematicamente calquera iniciativa que supoña a redución do número de funcionarios ou a redución da burocracia.

Esta pequena historia na que os papeis do funcionario e do político se puideran intercambiar para ilustrar a realidade, serve para poñer de relevo que camiñar cara a un verdadeiro Goberno Aberto é unha aventura chea de desafíos e require a posta en marcha dun proceso de xestión do cambio dunha grande envergadura, porque as resistencias serán verdadeiramente importantes.

A figura xunta ilustra os elementos clave dun verdadeiro Goberno Aberto.



Key elements of Open Government

Concentrarémonos agora nos aspectos relacionados con Open Government Data.

Nun documento interno da Comisión producido pola DG CONNECT, quen ten o liderado deste asunto, descríbense os posibles elementos dunha estratexia europea para a cadea de valor dos datos, analizando os factores que poden favorecela e os desafíos subxacentes, e fai propostas sobre o que desde a Comisión Europea se pode facer co fin de converter o potencial dos datos nunha realidade para a economía.

Estas propostas son o resultado dunha análise detallada previa e varias roldas de consultas externas e internas organizadas pola Comisión Europea.

A estratexia fai unha proposta de valor baseada nos seguintes elementos:

1. Fomentar un ecosistema de datos europeo coherente que estimule a investigación e a innovación ao redor dos datos, así como a utilización dos servizos de datos e produtos. Trátase de reunir as grandes empresas de software, as PEME, os sectores intensivos en datos (privados e públicos), investigadores, institucións académicas e provedores de capital;

2. Poñer en marcha un conxunto específico de accións para mellorar as condicións marco para a extracción do valor dos datos, incluídas as competencias de base, a infraestrutura e os estándares, así como un contorno político e legal favorable.

A continuación descríbese brevemente a política europea sobre Open Data , a través da serie de preguntas e respostas que xustifican a intervención comunitaria:

1. Cal é o problema? Hai que transformar os datos do sector público en oportunidades de negocio.

a. A administración pública produce unha gran cantidade de datos que poden constituír unha boa materia prima para a creación de aplicacións innovadoras, mesmo transfronteirizas (exemplos de reutilización da información do sector público son o GPS, as predicións meteorolóxicas, servizos financeiros e de seguros).

b. A información do sector público é a fonte de información máis importante en Europa. O seu valor estimado é de 32.000 millóns de euros. A súa reutilización podería xerar novos modelos de negocio, crear emprego e darlles aos consumidores máis elección e produtos mellores e máis baratos.

2. Por que é necesaria a acción da UE? Para liberar o potencial dos datos do sector público na UE.

a. Ás veces, as Administracións públicas restrinxen o uso da información que producen. Os gobernos poderían estimular a creación de contidos e crear así novos mercados facendo pública a información do sector público.

3. Que fixo a Comisión Europea ata agora?

a. A primeira directiva sobre a información do sector público está vixente desde o 2003. Sobre a base da experiencia obtida, a Comisión propuxo unha revisión da directiva en Decembro de 2011. Os cambios propostos máis importantes foron

i. Como regra xeral, toda a información do sector público debe ser reutilizable tanto para uso non comercial como comercial, excepto se entran dentro do marco das excepcións contempladas na directiva.

ii. Por primeira vez, inclúense no marco da directiva as bibliotecas, museos e arquivos.

iii. En principio, as administracións públicas poden cobrar como máximo os custos marxinais resultantes da produción dos datos para satisfacer unha demanda específica.

iv. Introduce un control sobre como as Administracións públicas realizan o cálculo de ditos custes

v. Pide a todos os estados membros o uso de formatos comúns e axeitados para o seu tratamento por ordenador para evitar a creación de barreiras electrónicas artificiais.

b. A directiva foi aprobada en xuño de 2013

4. Que outras accións previu a Comisión Europea

a. Desenvolver un portal de acceso único aos datos producidos polas institucións e organismos da UE (http://open-data.europa.eu)

b. Traballar cos estados membros da UE para desenvolver un portal a nivel da UE que permita o acceso a toda a información dispoñible a nivel nacional, rexional e local na UE.

c. Continuar soportando novas iniciativas nesta área a través de programas de concorrencia e innovación e do 7° Programa Marco de Investigación.

d. Continuar coas actividades de concienciación, promoción e diseminación mediante a organización de conferencias, workshops e publicacións.

e. Continuar a coordinación a nivel internacional en Europa e o resto do mundo tanto no sector público como no privado.

Juan Otero Pombo
Vicepresidente do CPEIG

A Lei de Colexios e Servizos Profesionais podería ser o último tren para as enxeñarías en informática

As enxeñarías en informática son profesións relativamente novas se as comparamos coas que poderiamos chamar enxeñarías tradicionais, pero nos últimos anos, coa constitución de once novos colexios profesionais autonómicos, entre eles o CPEIG e o CPETIG, e dos consellos xerais de colexios, acadou un grao de madurez e representatividade que require dun trato igualitario respecto desas outras enxeñarías que ata o momento ningún Goberno foi capaz de articular.

Cando en 2008 o executivo de Xosé Luís Rodríguez Zapatero abordaba o proceso de adaptación das titulacións universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior, establecía mediante ordes ministeriais os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitaban para o exercicio das profesións reguladas de enxeñaría e enxeñaría técnica. Dado que a enxeñaría e a enxeñaría técnica en informática non estaban reguladas, as universidades pasaban a ter total liberdade para configurar as súas titulacións de grao e máster no ámbito da informática, o que suporía unha dispersión de títulos que complicaría a tarefa de determinar cales darían acceso ás profesións de enxeñaría e enxeñaría técnica en informática. Esta situación de recorrente agravio comparativo provocou manifestacións multitudinarias en toda España que remataron coa publicación no BOE dos acordos do Consello de Universidades mediante os que se establecían unhas recomendacións para a verificación dos títulos que habilitasen para exercer as profesións de enxeñaría en informática e enxeñaría técnica en informática.

Aquela exhibición pública de milleiros de profesionais titulados, reclamando un trato igualitario para a enxeñaría que estaba chamada a liderar o progreso da sociedade da información e o coñecemento, fixo que o poder político reaccionase aprobando proposicións non de lei, a maioría delas por unanimidade, en numerosos parlamentos autonómicos e mesmo no Senado, onde se aprobou unha proposición non de lei que instaba ao goberno a definir solucións transitorias para que as enxeñarías en informática tivesen o mesmo trato que o resto das enxeñarías ata o desenvolvemento lexislativo da regulación de profesións no marco da transposición da Directiva Europea de Servizos.

Pois ben, chegou o momento de abordar unha redefinición profunda do marco normativo que regula a prestación de servizos profesionais en España. O Consello de Ministros celebrado o pasado 2 de agosto vén de dar luz verde ao Anteproxecto de Lei de Colexios e Servizos Profesionais. Este anteproxecto chega despois de oito meses de especulacións nos que volvemos a vivir un novo episodio de trato discriminatorio ás enxeñarías en informática.

No mes de decembro do pasado ano comezou a circular pola Internet unha presentación titulada "Anteproxecto de Lei de Servizos Profesionais" de aparencia oficial, xa que levaba o logotipo do Ministerio de Industria e Competitividade. En dita presentación esbozábanse os obxectivos e beneficios potenciais da reforma, as liñas básicas do anteproxecto de lei de servizos profesionais e mesmo un calendario de actuación.

Aquela primeira declaración de intencións do Ministerio de Industria e Competitividade poñía de manifesto o propósito do executivo de emprender unha reestruturación profunda do sector servizos, eliminando aquelas reservas de actividade que non estean xustificadas pola especialidade, complexidade e especial incidencia sobre a seguridade física das persoas. Aparentemente, semellante cambio modificaría substancialmente o escenario para aquelas profesións que na actualidade están fortemente reguladas, pero non debería afectarlle ás enxeñarías en informática por ser profesións sen atribucións específicas.

En concreto, no ámbito das enxeñarías, apuntábase cara a unha eliminación das reservas de actividade por especialidade, propoñéndose unha reserva de actividade única para todas as especialidades de enxeñaría e outra para as de enxeñarías técnicas, podendo establecer excepcións de actividades específicas que poderían quedar reservadas a unha ou varias especialidades.

Ademais, propúñase que a colexiación fose obrigatoria unicamente para a sinatura de proxectos e a dirección de obras.

Tratábase dunha formulación tan vaga que deixaba sen concretar, entre outras cousas, cales serían as especialidades da enxeñaría para as que se establecería unha reserva de actividade única e común. Porén, as intencións do lexislador eran previsibles atendendo ao trato discriminatorio que a enxeñaría e a enxeñaría técnica veñen recibindo ao longo da súa existencia.

Foi en abril cando o Goberno, a través do Ministerio de Economía, decidiu concretar un pouco máis a súa proposta facendo circular un novo documento, esta vez un borrador do anteproxecto de lei de servizos profesionais no que xa especificaba cales eran as enxeñarías que compartirían esa reserva de actividade común. No documento establecíase que a partir de un ano dende a entrada en vigor da lei, as atribucións profesionais que as normas vixentes reservasen no ámbito da enxeñaría ao profesional habilitado ou ao facultativo ou técnico competente, poderían ser exercidas indistintamente e con independencia da súa especialidade, por quen tivese o título de máster que dese acceso a calquera profesión de enxeñaría ou ben estivese en posesión dun dos títulos seguintes: enxeñaría aeronáutica, enxeñaría agrónoma, enxeñaría de camiños, canais e portos, enxeñaría de minas, enxeñaría de montes, enxeñaría naval e oceánica, enxeñaría industrial, enxeñaría de telecomunicacións e enxeñaría química. A única enxeñaría excluída era a enxeñaría en informática, xa que a enxeñaría química, que tampouco é profesión regulada, si que aparecía na lista.

Resultaba ademais moi rechamante, por non dicir sospeitoso, que no mesmo borrador se establecese que só os títulos que desen acceso ás profesións de enxeñaría nel enumeradas poderían incluír na súa denominación a palabra enxeñería, a excepción da enxeñaría e enxeñaría técnica en informática que poderían manter dita denominación. Isto deixaba patente que non se trataba dun desafortunado despiste, xa que demostraba que no momento de redactar aquel borrador tiveron moi presentes as enxeñarías en informática, pero en lugar de ser para cumprir o compromiso de darlles o mesmo trato que ao resto de enxeñarías foi para seguir manténdoas nun segundo chanzo.

Os profesionais da enxeñaría e enxeñaría técnica en informática, a través dos seus consellos xerais de colexios profesionais, emprenderon de novo unha campaña de presión na que se acadaron máis de 17.000 apoios e se realizaron numerosas reunións con todos os grupos do arco parlamentario para facerlles ver que as enxeñarías en informática tiñan que ser incluídas no mesmo plano lexislativo que as demais.

No Anteproxecto de Lei de Colexios e Servizos Profesionais que finalmente se aprobou desapareceu a listaxe de enxeñarías que excluía a informática. No seu lugar establécese a creación dunha Comisión de Reforma das Profesións que deberá emitir informes preceptivos sobre as novas propostas de leis de atribucións profesionais podendo realizar tamén propostas de modificación das reservas de actividade existentes. Ademais, crearase un grupo de traballo específico para a determinación das atribucións profesionais no ámbito da enxeñaría e a edificación. Ese grupo de traballo deberá dar audiencia aos consellos xerais de colexios profesionais de enxeñaría e será nese momento cando os representantes das enxeñarías en informática deberán insistir na necesidade de regular a profesión.

Hoxe en día, a informática está presente en case que tódolos ámbitos da nosa vida; a complexidade dos proxectos e as infraestruturas informáticas vai en aumento e en moitos casos trátase de infraestruturas críticas das que dependen vidas humanas ou mesmo a economía dos países.

Permanece aínda aberta a fonda ferida que sufrimos os galegos e galegas na véspera do día de Galicia. As investigacións que transcenderon ata o de agora apuntan a que un erro humano foi o causante da morte de 79 persoas, pero o máis importante é que se trata dun erro que a maioría dos que nos subimos algunha vez a un tren pensabamos que non se podía producir. Non se concibe que un tren que circula sobre uns raís a 200 Km/h non conte cun sistema de freado automático que reduza a velocidade ante un perigo como o que supón a curva da Grandeira. Ese sistema de freado existe e resulta ser un sistema informático chamado ERTMS que estaba instalado tanto nas vías coma no tren, pero un problema de compatibilidade impediu que estivese activo no día en que podía ter evitado tan inmenso drama. Se alguén necesitaba un exemplo no que vidas humanas dependen de sistemas informáticos só ten que lembrarse do nome de Angrois, pero sen esquecerse de que temos sistemas informáticos nos hospitais, nas centrais nucleares, nos aeroportos,...

Non podemos esquecernos tampouco da ciberseguridade, que representa un problema de Estado nos Estados Unidos e tamén a Unión Europea traballa nunha estratexia de ciberseguridade para protexer os dereitos fundamentais das persoas na Internet.

Por que se lles segue negando entón ás enxeñarías en informática o mesmo trato que ao resto de enxeñarías? Para atopar resposta a esta pregunta podemos recorrer ao artigo titulado "O inimigo silencioso", publicado na páxina web do CPEIG, no que se narraba como o representante doutra enxeñaría se negaba enerxicamente a que a enxeñaría en informática entrase na lista de enxeñarías con reserva de actividade. Trátase de grupos de poder organizados con membros nas máis altas instancias da Administración do Estado e, por tanto, cunha importante capacidade de influír no poder lexislativo.

España non pode permitirse que a enxeñaría en informática sexa relegada a un segundo nivel ao non incluíla no mesmo plano lexislativo que o resto de enxeñarías. Seguir desprezando a enxeñeiros e enxeñeiras en informática é convidalos a que busquen o recoñecemento que aquí se lles nega noutros países que apostan polo progreso da sociedade da información e o coñecemento e valoran moi positivamente os profesionais e as profesionais do noso país.

Lei de Servizos Profesionais

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) participou o pasado día 19 de xullo na xornada que a Unión Profesional de Galicia organizou para debater a futura e controvertida Lei de Servizos Profesionais, que o Goberno central remitirá en vindeiras datas para a súa tramitación ao Congreso dos Deputados.

Nun comunicado que fixo público a través da súa páxina web, a Unión Profesional de Galicia, asociación que representa a 42 colexios galegos, esixiu "diálogo efectivo e real" sobre o Anteproxecto de Lei de Colexios e Servizos Profesionais. Así mesmo, denunciou o control que o Goberno central pretende exercer sobre os colexios profesionais.

Contidos da xornada

Un nutrido elenco de relatores abordou ao longo do día distintos aspectos da lei, como foron a formación universitaria e as atribucións profesionais, as estruturas colexiais e a viabilidade e fidelización de colexiados, entre outros. O encontro tivo lugar na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en Santiago de Compostela.

Na mesa redonda Estruturas colexiais e viabilidade, participou o tesoureiro do CPEIG, Antonio Carro Mariño, quen falou, en concreto, sobre Os colexios diante das novas titulacións. Entre outras contundentes declaracións, afirmou: "A aparición de novos colexios profesionais frearase en seco".

O relator explicoulle ao público presente o que acontece cando chega unha nova profesión. Carro Mariño afirmou que a situación das e dos enxeñeiros informáticos "é a peor". "Non temos colexiación obrigatoria", lembrou e, ao mesmo tempo, "carecemos de atribucións competenciais". Pero, polo contrario, destacou o protagonismo da enxeñería informática no mundo de hoxe: "A informática xestiónao case todo". O tesoureiro manifestou que desde o CPEIG reinvéntanse e tratan de ofrecer servizos que os colexiados valoren. Malia a non contar ca colexiación obrigatoria, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia está saneado e pechou o exercicio de 2012 "en número negros", declarou.

O tesoureiro do CPEIG, Antonio Carro, prognosticou que a nova normativa "freará en seco a aparición de novos colexios profesionais"

Pola súa banda, o director xeral de Xustiza, Xuan Xosé Martín Álvarez, inaugurou as xornadas xunto co presidente da Unión Profesional de Galicia, Xosé María ArroXo Fernández, e o secretario xeral da asociación, Antonio Machado Senra. Martín Álvarez destacou a relación directa entre colexios e Consellería da Presidencia e dixo ter constancia de que "poucos profesionais están sen colexio". Apuntou que a futura normativa que prepara o Goberno central "determinará se a colexiación será ou non obrigatoria". Na súa opinión, tal e como explicou, "a liberalización está ben", aínda que puntualizou que esta "non pode significar falla de control". O director xeral de Xustiza pediu "poñer o acento nos cidadáns" e reiterou que "a liberalización non pode significar falla de control na prestación de servizos". "Confiamos en que a Lei de Servizos Profesionais responda ás expectativas nestes aspectos".

Mesa na que participou o tesoureiro do CPEIG

A lingua galega e as redes sociais

A web 2.0 a día de hoxe é xa unha inmensa alvariza. A metáfora da colmea e as abellas semella quedar pequena para plasmar o que supón a rede nas nosas vidas en 2013. Asistimos á desaparición case total do espectador e pasa a primeiro plano o concepto de participación. Arestora, a meirande parte dos usurarios son **residentes dixitais** –fronte aos denominados **visitantes**– para os que internet está integrado no quefacer cotiá sen diferenciación; viven na rede e desenvolven nela unha ou varias identidades dixitais plenas.

A rede constrúese coma un proxecto colaborativo, de xeito que os propios usuarios estruturan e manteñen a arañeira. Como consecuencia deste proceso de cultura participativa créanse novos discursos baseados na pluriculturalidade e no plurilingüismo. Con todo, temos que ter presente que a rede non é un gran cerebro social e máis ben unha trama de cerebros con conciencia individual que si pode chegar a espertar a conciencia colectiva.

Dende que a web 2.0 nacera en 2004 e de entre as novas ferramentas que lles fornece aos usuarios: blogs, wikis, espazos para compartir recursos... van tomando inmenso protagonismo as chamadas redes sociais, ata o punto de que plataformas que naceran con outra fasquía e funcións, a día de hoxe, mudaron ao formato de rede social. Cando falamos de rede social estámonos a referir a unha ferramenta, un espazo virtual onde se reúne un grupo de persoas unido por uns intereses ou vínculos que os definen como tal asociación. Existen redes sociais xeneralistas: Facebook, Twitter, Tuenti, Google +, etc.; profesionais: Linkedin, Xing, Redeiras, etc.; de afeccións: aNobii, Uolala, Ikimap, Geonick... A magnitude do fenómeno das redes sociais faise patente no número de usuarios activos nas redes mainstream. Facebook, por exemplo, conta a día de hoxe con máis de 1.100 millóns de usuarios e Twitter, pola súa banda, anda por volta dos 500 millóns de usuarios, cun volume de máis de 200 millóns de chíos diarios.

No eido dixital, o mesmo que no analóxico, as linguas con maior número de recursos dispoñibles son aqueles con máis puxanza económica. Na expansión e tradución destas ferramentas sociais é a propia comunidade quen traballa de maneira desinteresada. Facebook está traducida a máis de 70 idiomas, grazas ao que foi unha angueira colectiva sen precedentes. No denominado ecosistema facebook tamén está presente o galego. Ademais das redes sociais creadas desde Galicia e en galego: Cabozo, Latri.ca ou Redeiras; en lingua galega podemos interactuar dende Tuenti –a única que conta cun tradutor de seu–, Facebook, Twitter, Google+ ou aNobii. Nestas redes mainstream, malia que os procesos de tradución xorden sempre tras a petición e traballo dos propios usuarios, as institucións galegas e en especial a Secretaría Xeral de Política Lingüística que ten como unha das súas funcións principais normalizar e dinamizar a lingua no eido das novas tecnoloxías de acordo co Plan Xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) aprobado polo Parlamento en 2004, apoiaron estas demandas sociais. Así, en xullo de 2012, a Xunta de Galicia comeza a campaña "Redes sociais en galego" para dinamizar a lingua na rede co apoio institucional á iniciativa "Twitter en galego, XA!". Desde febreiro de 2013 a ferramenta está xa dispoñible para quen queira chiar en galego.

Acto de presentación da campaña Redes sociais en galego.

A lingua galega é pois unha realidade nas redes sociais e hai unha demanda real por parte dos usuarios, se cadra é o momento de que as institucións continúen agora coa compaña de petición do galego de plataformas como Pinterest ou Instagram que son as que nestes intres comezan a ter máis pulo entre os internautas.

REDES SOCIAIS_
EN GALEGO_

La Voz de Galicia | 30 de xuño de 2013

La Voz de A Coruña
DOMINGO 30 DE JUNIO DEL 2013
Delegado: Francisco Espiñeira Fandiño
Jefe comercial: Mario de la Torre Míguez

ENTREVISTAS CON ACENTO

Loreto Silvoso

SUSANA LADRA INGENIERA INFORMÁTICA

«Google tiene los datos que nosotros queremos que tenga»

Esta doctora en Informática ha sido galardonada con el premio Ada Byron

Susana Ladra, en las escaleras de Informática. PACO RODRÍGUEZ

En la historia de la informática, la primera persona que empezó a programar fue una mujer. Se llamaba Ada Byron y hoy da nombre al premio que concede cada año el Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia (Cpeig). La ingeniera y doctora en Informática por la Universidade da Coruña Susana Ladra González (Santiago, 1984) acaba de hacerse con él. Ella es, también, la vicedecana de Organización Académica de la Facultad de Informática de A Coruña.

—¿Es Edward Snowden, el informático de la CIA que destapó el espionaje masivo de los Estados Unidos, un héroe o un villano?
—El problema no está en los informáticos, sino en quién decidió utilizar las herramientas informáticas y para qué.

—¿Hay algún dato que Google no tenga de nosotros?
—Google tiene los datos que nosotros queremos que tenga.

—¿Podemos de verdad controlar eso?
—Sí. Otra cosa es que a ti te dé igual compartir determinadas cosas con Google.

—Puede haber datos que no sepamos que estamos mostrando en público en la red. O no seamos conscientes de ello.
—Yo no creo que la intención primigenia de Google fuese obtener los datos personales que los gobiernos puedan precisar. Lo que pasa es que, mientras te ofrece todos sus productos de manera gratuita, obtiene una ganancia a partir de los datos que tú le aportas. Google sabe qué quieren sus usuarios y conoce todas las búsquedas que hacen.

—Usted investiga sobre almacenamiento de datos y privacidad en la red, entre otros temas.
—Trabajo en cómo enmascarar los datos sin revelar la información original. Esto le puede ser muy útil a una empresa que quiera hacer un estudio de mercado con sus clientes, pero sin revelar la información real que tiene de ellos.

—¿La red es infinita?
—El número de páginas web es infinito. Pero el número de informaciones con significado aumenta cada año.

—¿Y no pasa nada?
—Obviamente se necesitan más máquinas y herramientas de búsqueda que soporten todo eso. Este es uno de los temas en los que trabajamos: en la recuperación y representación eficiente de los datos, porque así ocupan menos y puedes buscar más rápido.

—¿Es seguro subir nuestros documentos y fotos a la «nube»?
—Hay temas con los que hay que tener más cuidado. Pero ahora lo más habitual es que tengas tus datos en un servidor, y no en tu máquina local.

—¿Usted tiene sus archivos subidos a la red?
—Tengo bastantes cosas.

—¿Qué no subiría nunca?
—Las notas de los exámenes de mis alumnos.

—¿Y sus fotos personales?
—No tengo inconveniente en tener documentación en la nube, pero, a veces, la gente pone cosas de más.

—Como las fotos de sus hijos.
—Tengo amigos que jamás suben una foto de sus hijos a la red y otros que lo hacen sin reparo. Yo recomiendo lo primero.

«No entiendo por qué las chicas no suelen sentirse atraídas por esta carrera»

A Susana Ladra le gustaría que este premio sirviese para visualizar el papel de la mujer en la Ingeniería Informática.

—En la facultad, las mujeres son minoría.
—El ratio de mujeres en nuestra facultad es bajísimo. En el grado de Ingeniería Informática solo hay 56 mujeres de 532 alumnos, un 10,5 %.

—¿A qué cree que se debe esto?
—No entiendo por qué las chicas no suelen sentirse atraídas por esta carrera. Hay que huir de la imagen del informático *friki*. Es todo lo contrario. Para ejercer esta profesión necesitas habilidades sociales.

—Pero «frikis» y «geeks» en Informática, habelos hailos.
—La ingeniería informática no es *friki*. Para programar tienes que socializarte. Trabajas en grupo muy a menudo.

—Vamos, que no están todo el día delante de una pantalla.
—Exacto, esa es la imagen que hay, pero no todos los informáticos son así. Además, es una carrera con muchas salidas. Prácticamente, hay pleno empleo.

—Otra cosa es que muchos informáticos no cobran lo que deberían.
—Pero eso viene por la situación de la profesión, que no está regulada como el resto de la ingenierías. Por eso pedimos nuestra inclusión en la nueva Ley de Servicios Profesionales.

—¿Estudió con beca?
—No, pero creo que la propuesta del 6,5 impide el acceso igualitario a la universidad.

Faro de Vigo | 30 de xuño de 2013

FARO DE VIGO
DOMINGO, 30 DE JUNIO DE 2013

Derecho al olvido

FERNANDO SUÁREZ ■ Colegio de Ingeniería Informática de Galicia

"Es una entelequia"

Fernando Suárez, presidente del Colegio Profesional de Ingeniería Informática de Galicia, opina que pretender que la información de una persona sea eliminada de internet es irreal."Es una opinión personal, pero el derecho al olvido es una entelequia", opina el informático. Suárez explica que este derecho está ligado a los denominado ARCO –acceso, rectificación, cancelación y oposición– de la Ley de Protección de Datos, aunque otra cosa es que pueda llegar a conseguirse al cien por cien."Es prácticamente imposible y va contra la lógica porque puedes conseguir que la fuente elimine tus datos, pero no tienes control sobre el resto de los sitios donde está esa información. Si lo aplicamos al mundo analógico, es como si pretendiésemos eliminar cualquier una información publicada en un diario arrancando la página. Nunca llegaremos a todos los ejemplares", explica Suárez, que no es partidario de una legislación específica para las tecnologías de la información y la comunicación (TIC). "¿Hasta qué punto una persona que fue juzgada y absuelta de un delito puede pretender que se borre toda alusión a la acusación como si nunca hubiese existido? El veredicto existió y la acusación también", dice.

Suárez comparte la opinión del abogado general de la UE de que Google no es responsable de la información que indexa, aunque reconoce que lo que sí hace el buscador es ordenarla a través de algoritmos.

El Correo Gallego | 27 de xullo de 2013

El Correo Gallego. SÁBADO 27 de JULIO de 2013

FERNANDO SUÁREZ LORENZO Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

"Traballamos para xeralizar o uso da tecnoloxía no tecido empresarial galego"

M. MARTÍNEZ
Santiago

Destaca Fernando Suárez, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia que "A Rede de Asesores Tecnolóxicos, en colaboración coa Amtega, xeneralizará o uso das novas tecnoloxías no tecido empresarial galego".

O CPEIG, malia a ser un colexio relativamente novo, vai tomando presenza na sociedade. ¿Que liñas de traballo destacaría?

Por unha banda, están os principios básicos do colexio, como é a representación da profesión de Enxeñaría en Informática na nosa comunidade autónoma, e vencellada a ela, a potenciación e mellora do uso das Tecnoloxías da Información como instrumentos de desenvolvemento económico e social, así como a mellora continua dos nosos profesionais. Particularmente, estamos a traballar en proxectos como o Navega con Rumbo polo Ciberespazo ou a creación da Rede de Asesores Tecnolóxicos. Respecto a este proxecto, dende o CPEIG consideramos ás TIC, xunto á I+D+i, campos do coñecemento chamados a ser peza fundamental da recuperación da competitividade das nosas empresas, e que impulsarán a transformación da sociedade cara o que se denomina Sociedade do Coñecemento.

¿Cales son os obxectivos da Rede de Asesores Tecnolóxicos?

O obxectivo xeral do proxecto é cohesionar o territorio e favorecer o crecemento económico a través da xeneralización do uso das Novas Tecnoloxías, e o desenvolvemento da Sociedade da Información na comunidade. O fin é contribuír ao desenvolvemento económico e social impulsando o uso e implantación das TIC no tecido empresarial produtivo, como un dos alicerces máis importantes para conseguir que as empresas sexan máis competitivas e melloren a súa produtividade. Desde o CPEIG estamos convencidos de que unhas empresas fortes son fundamentais para contar cunha economía forte na comunidade, condición indispensable para mellorar o benestar da cidadanía.

Cada ano celebran a Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia como expresión da reivindicación da profesión, ¿que novedades haberá este ano?

Celebramos xa a quinta edición deste evento, co que o consideramos totalmente consolidado. As novidades, máis alá do cambio do lugar de celebración, que será no Hotel Monumento San Francisco, o que permitirá unha maior integración e relación entre os asistentes, serán basicamente os galardoados. Neste sentido premiaremos pola súa traxectoria, breve pero intensa, a Susana Ladra, co galardón Ada Byron. Tamén recoñeceremos co premio Traxectoria Profesional o labor de Roberto Baratta, responsable de seguridade de Novagalicia Banco. Haberá tamén premios para a iniciativa da Administración, recoñecendo a labor da Deputación de Pontevedra e á iniciativa Empresarial, premiando ao proxecto SetPay, que permite pagos con tarxeta a través de móbil e amosa a capacidade de innovación das nosas empresas. Tamén recoñeceremos o proxecto "Rede de Escolas na Nube", que pretende analizar e deseñar un entorno e servizos baseados en *cloud computing* para que sirvan como soporte dunha metodoloxía de traballo colaborativa, comunicativa e apoiada nas TIC para mellorar a educación e colaboración nas escolas rurais dispersas de Galicia. Fóra dos premios habituais, tamén concederemos un galardón especial á Asociación PuntoGal, pola consecución do domino .gal que representa un decidido impulso para a difusión e coñecemento da lingua e cultura de Galicia.

O acoso a nen@s a través de Internet está de triste actualidade. ¿Que valoración fan desde o CPEIG do se programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo encamiñado a previr estes casos?

Esta iniciativa, desenvolvida en colaboración coa Consellería de Educación e a Amtega, tal vez sexa a máis ilusionante e satisfactoria das que organizamos ata o de agora. Mediante ela, durante os últimos anos vimos formando os menores e os responsables da súa educación nun uso consciente e responsable da tecnoloxía. En particular, este ano chegamos a preto de 200 centros educativos, cun total de participantes de arredor dos 20.000. Moitas veces estamos a falar de nativos dixitais e a nosa preocupación é que os nenos non se convertan e or-dos dixitais, perdendo o referente dos pais e titores no que atinxe á formación no contexto tecnolóxico. Internet e as redes sociais forman parte do mundo dos nosos menores e son ferramentas fundamentais para a súa educación e formación integral, ademais de que serán parte relevante do seu futuro persoal e profesional, e por iso é importante que aprendan a empregalos canto antes e coa maior responsabilidade e seguridade posibles.

O CPEIG posicionouse publicamente en contra da futura Lei de Servizos Profesionais. ¿Cales son os argumentos dos enxeñeir@s informáticos para opoñerse a ela?

Estamos a traballar na defensa da nosa profesión ante a súa exclusión no tratamento que, segundo distintos borradores da futura Lei de Servizos Profesionais, se dará ás enxeñarías en global no marco da prestación dos servizos profesionais.Iso supón unha discriminación a unha profesión chave no futuro tecnolóxico, social e económico do noso país. Ainda que estamos a falar dun borrador, continuamos a tentar concienciar a todas as instancias (políticas, gobernamentais, administrativas, etc.) de que esta exclusión é un risco para o desenvolvemento e o futuro de España. Preocúpannos non só os efectos inmediatos desta posible exclusión, senón as implicacións futuras que poida ter cando se aborden asuntos fundamentais como os relacionados coa ciberseguridade, a protección de infraestruturas críticas, etc. xa que todo apunta a que os profesionais con maiores coñecementos neses campos quedarían excluídos dos grupos de traballo que se constitúan para tales fins.

Fernando Suárez Lorenzo

"Los nuevos grados en Ingeniería Técnica Industrial tienen una alta inserción laboral"

La Escuela Universitaria Politécnica de Ferrol oferta convenios de prácticas con más de 30 empresas

Imagen de la fachada de las instalaciones de la Politécnica de Ferrol

Santiago. El secretario de la Escuela Universitaria Politécnica de Ferrol, José A. López Vázquez, afirma que los nuevos grados en Ingeniería Técnica Industrial son titulaciones con un alto índice de inserción laboral. "El 80% de nuestros titulados consiguen empleo en menos de tres meses al finalizar sus estudios, porque es una carrera que ofrece muchas opciones profesionales".

Un informe de las carreras con más salidas profesionales presentado el pasado mes de junio por Adecco Professional, la división del Grupo Adecco especializada en la selección de perfiles cualificados, e Infoempleo, sitúa la Ingeniería Industrial como la segunda titulación que más solicitan las empresas en sus ofertas de empleo cualificado. En cuarta posición del ranking encontramos la Ingeniería Técnica Industrial. "El mercado laboral había todavía de Ingeniería Industrial e Ingeniería Técnica Industrial porque los nuevos grados empezaron en el curso 2010/2011", explica José A. López Vázquez.

En la Escuela Universitaria Politécnica de Ferrol se imparte el Grado en Ingeniería Eléctrica (que sustituye a la titulación de Ingeniería Técnica Industrial, especialidad electricidad), y el Grado en Ingeniería Electrónica Industrial y Automática (que sustituye a la titulación de Ingeniería Técnica Industrial, especialidad electrónica industrial). Los estudios de grado constan de cuatro años y tienen un componente práctico muy importante.

En la nueva ordenación de las enseñanzas universitarias derivada de la adaptación al Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) se pone un especial énfasis en la realización por parte de los estudiantes de prácticas externas en empresas. En la Escuela Universitaria Politécnica de Ferrol tienen convenios firmados con más de 30 empresas (como Gas Natural Fenosa, Endesa o Feirace, entre otras). Además, cuentan con programas de intercambio Erasmus con importantes universidades europeas.

Por último, José A. López, destaca la importancia para estos titulados de estar colegiado. "No solo porque es obligatorio para firmar proyectos o documentos que requieran un visado del Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos, sino también por los servicios que ofrecen, como la asistencia jurídica, o los cursos de formación sobre nueva reglamentación". SOFÍA RODRÍGUEZ

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
Traballando no social, polos dereitos da cidadanía
Rúa Dublín 6, baixo (Fontiñas) • Santiago de Compostela • T. 981 566 100
www.traballosocial.org

La Opinión | 29 de xullo de 2013

Premio Ada Byron 2013

Susana Ladra: ´Hay que mejorar la formación de la gente sobre internet´

"Desde que se pasó de licenciatura a ingeniería hay menos mujeres que estudien informática"

Miguel Rodríguez | A Coruña | 29.07.2013 | 02:29

Susana Ladra acaba de ser galardonada con el premio Ada Byron que otorga el Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (Cpeig). A sus 28 años es ya vicedecana de la facultad de Informática de la UDC. Su receta para este éxito prematuro: dedicación y esfuerzo

Susana Ladra. / carlos pardellas

-¿Qué significa para una informática de 28 años ganar el premio Ada Byron?

-Todo un halago pero también una responsabilidad. Es un reconocimiento a mi corta experiencia pero dijeron que me lo concedían para dar visibilidad a las informáticas y ser un modelo para las futuras alumnas. Y ser modelo de algo siempre es una responsabilidad importante.

-¿El de la informática es un mundo de hombres?

-En cierto modo sí. Hubo una época en que había más mujeres en la facultad de Informática. Y es curioso que había más cuando la titulación era Licenciatura de Informática. Desde que pasó a ser una ingeniería cada vez hay menos alumnas. Es probable que haya un estereotipo muy masculino de la carrera que trasciende a la sociedad, pero no debiera ser así.

-En su caso, ¿por qué optó por Informática?

-Yo ya había estudiado algo de programación en el instituto y ya me gustaba el tema. Me parecía una disciplina muy creativa porque tenías que resolver problemas, era como un reto para mí. Después me acerqué a este mundo porque me gustaban las matemáticas y lo vi como algo con una orientación muy aplicada al mundo real. Cuando entré en la carrera vi que la informática es mucho más, que es una forma de dar solución a problemas de la sociedad actual y que tenemos mucho que aportar.

-Pese a la importancia de sus aportaciones, pocos conocen a Ada Byron. ¿Tiene la mujer un papel secundario en el relato hegemónico de la Historia?

-Por su puesto. Cuando se habla de Ada Byron la gente se refiere a ella como la primera mujer programadora cuando fue ella la primera persona programadora, que es muy distinto. En vida no fue reconocida y simplemente la trataron como una intérprete, como una ayudante más. Es un personaje poco reconocido pero eso suele pasar con todas las mujeres vinculadas al mundo de la ciencia a lo largo de la historia. Es cierto que también había pocas mujeres que pudiesen estudiar y, en cierto sentido, Ada Byron fue una privilegiada porque era hija de Lord Byron y, en su época, no todas las mujeres podían acceder a estos conocimientos.

-Con tan solo 28 años usted ya es vicedecana de la facultad de Informática. ¿Cuestión de esfuerzo, de inteligencia o de las dos cosas?

-Yo intenté esforzarme siempre todo lo que pude, pasando muchas horas en la facultad, pero también es cierto que tuve la suerte de vivir un contexto diferente al de ahora. Hoy en día no hay las opciones de antes para la gente joven que quiere ponerse a investigar y acceder a la Universidad con una oposición estable. La clave creo que es el esfuerzo y la dedicación y ahora pretendo devolver a la facultad lo que hizo por mí, para que siga creciendo y haciéndose una de las más importantes de Galicia.

-Últimamente se habla mucho acerca de la privacidad real de internet. ¿Es un mundo más vulnerable de lo que pensábamos?

-Como sociedad estamos muy verdes en el uso de la tecnología. Hay gente que acaba de llegar a este mundo y que no sabe realmente lo que implica hacer pública información personal en la Red. Hace falta mejorar la formación de la gente sobre internet. Es un mundo nuevo que también está teniendo repercusiones en la legislación. Se está reconfigurando el sistema legal para delimitar las reglas de juego.

-En su vida profesional ha pasado por la Universidad de Helsinki y por la de Santiago de Chile. ¿Cómo ve la situación de la universidad gallega?

-Estuve en polos opuestos. Por una parte, en Helsinki toda la educación es gratuita mientras que en Chile los precios son desorbitados y la gente se endeuda para estudiar. Lo ideal, para mí, sería un modelo de educación públicа como la de los países del norte. Si se nota que, en investigación, España está a años luz tanto de Helsinki como de Chile. Allí se invierte mucho más y por eso es difícil para España captar gente extranjera porque fuera ofrecen muchas mejores condiciones. Con todo, aquí hacemos una investigación excelente con la poca financiación que tenemos.

Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

O CPEIG DEFENDE OS TEUS INTERESES

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) é un dos colexios profesionais máis activos na defensa dos intereses das súas colexiadas e colexiados e o medio a través do cal os profesionais do sector poden participar no ordenamento e na regulación do ámbito da enxeñaría en informática.

O CPEIG agrupa a todas as persoas que, tendo o título oficial de Enxeñaría en Informática ou Licenciatura en Informática, desenvolven actividades propias da profesión en Galicia.

Cunha estrutura interna democrática e independente das Administracións públicas, o CPEIG constituíuse no mes de decembro de 2007 como corporación de dereito público e de carácter profesional, con personalidade xurídica propia que se rexe pola normativa vixente na materia e polos seus estatutos. Con sede en Santiago de Compostela, na actualidade conta con 350 persoas colexiadas.

O CPEIG OFRÉCECHE SERVIZOS:

_ Bolsa de emprego
_ Cursos de formación
_ Xornadas
_ Docencia
_ Seguro de responsabilidade civil gratuíto

O CPEIG OFRÉCECHE INCORPORARTE A:

_Programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo. Charlas remuneradas nos centros escolares a prol dunha navegación en Internet segura e responsable.
_Corpo Oficial de Peritos (COP).
_Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

BENEFICIOS COLEXIAIS

Os colexiados e as colexiadas poden beneficiarse de condicións vantaxosas nos seguintes organismos e empresas:

_ Universidade Europea de Madrid
_ Escuela Europea de Negocios
_ ADESLAS
_ Hotel Puerta del Camino (Santiago de Compostela)
_ Hoteis NH (é válido para todos os NH)
_ ING
_ Asociación para el Progreso de la Dirección (APD)
_ Banco Sabadell
_ Novagalicia Banco
_ Díaz de Santos
_ Escuela de Negocios Novacaixagalicia
_ Hotel Louxo A Toxa
_ Hoteles Eurostars
_ Hoteles High Tech
_ Hotel Torre do Deza (Lalín)
_ HP
_ León y Pérez Abogados
_ Abogados Pintos y Salgado
_ pQliar
_ Sanitas
_ Viaxes Viloria
_ Hotel Monumento San Francisco
_ CuVitt

CÓMO COLEXIARSE

Documentación:

_ Fotocopia do DNI ou pasaporte
_ Fotocopia compulsada do título de Licenciado/a ou Enxeñeiro/a en Informática.
_ Documento da entidade bancaria onde consten o/a solicitante da colexiación como titular da conta e todos os díxitos da mesma,
_ Formulario de colexiación cumprimentado e asinado.

Cota:

60 euros semestrais

COMO PRE-COLEXIARSE

Poden realizar a pre-colexiación as persoas que estean cursando os estudos de Enxeñaría en Informática e teñan un mínimo do 80 por cento dos créditos superados.

Documentación:

_ Fotocopia do DNI ou pasaporte.
_ Fotocopia compulsada da matrícula nos estudos de Enxeñaría en Informática.
_ Fotocopia do certificado académico.
_ Documento da entidade bancaria onde consten o/a solicitante da colexiación como titular da conta e todos os díxitos da mesma,
_ Formulario de colexiación cumprimentado e asinado.

Cota:

30 euros semestrais.

A documentación para colexiarse ou pre-colexiarse debe entregarse ou remitirse por correo ordinario á sede do CPEIG, situada na Rúa Fernando III O Santo, 32-baixo, 15701 Santiago de Compostela.

Podes ampliar esta información na web
www.cpeig.org
ou a través do enderezo electrónico
información@cpeig.org
Teléfono: 981 553 355
Fax: 981 553 997

V
Noite da Enxeñaría
en Informática de Galicia
4 de outubro de 2013
Santiago de Compostela